XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21·22

| | |
|---|---|
| **ASUNTO:** | **INFORME NO TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA (Documento Borrador)** |
| **REF:** | **SAIS-B-AC-21/367** |
| **PLAN:** | **PLAN DE ACCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA (Novembro 2021)** |
| **PROMOTOR:** | **AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)** |
| **ÓRGANO TRAMITADOR:** | **DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTA, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO. (CMATV)** |
| **LUGAR:** | **COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA** |

Recibida a consulta do asunto de referencia, formulada no oficio do 21/12/2021 ao abeiro do disposto no artigo 30.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en canto á competencia urbanística desta Dirección xeral e, vista a proposta da Subdirección xeral de Ordenación do Territorio, procede emitir o seguinte informe:

1. A normativa autonómica en materia urbanística ven constituída pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante Decreto 143/2016, de 22 de setembro, así como polos respectivos instrumentos de planeamento urbanístico municipais.

2. De conformidade co disposto no artigo 34.2 c) de la Lei 2/2016, do 10 de febreiro, dentro do solo rústico de especial protección, recóllese a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas, constituído polos terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas existentes ou contidas en estudos informativos aprobados, e as súas zonas de afección establecidas polo normativa sectorial, tales como as comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio, conforme a previsión dos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: YfGtL8lSh1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

3. O réxime xurídico desta categoría de solo (e o das demais categorías de solo rústico que contempla la Lei), ven establecido nos artigos 35 a 40 da dita Lei, e nos artigos concordantes do Regulamento citado, sen prexuízo do establecido na normativa sectorial que resulte de aplicación en cada caso.

4. Dito réxime xurídico contempla no artigo 35 un elenco considerable de usos e actividades permitidas, para as que soamente sería precisa a obtención de autorización autonómica urbanística, previa á obtención do título municipal urbanístico habilitante, respecto das recollidas nas letras n) y ñ) do dito artigo (*referidas, respectivamente, aos usos residenciais vinculados ás explotacións agropecuarias, e as actividades de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación del recurso natural*).

En todo caso e, de conformidade co previsto no artigo 36 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos nos que esta fose preceptiva, é dicir, no solo rústico de especial protección debe atenderse ás maiores limitacións que impoñan as lexislacións sectoriais aplicables, xa que son estas as encargadas de tutelar os valores obxecto de protección.

En atención ao exposto e aos usos e actividades que se puideran derivar do plan que se somete a consulta, non se formulan suxestións sobre o particular, sen prexuízo de cumprir coa lexislación sectorial que, no seu caso, resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Mª Encarnación Rivas Díaz

**Asinado por:** RIVAS DÍAZ, MARÍA ENCARNACIÓN
**Cargo:** Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
**Data e hora:** 07/01/2022 13:08:08

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

**CVE:** YfGtL8lSh1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve